



**ACTA Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO “SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR CON ROZADORA LATERAL
HIDRÁULICA”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D^a. M^a Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a Carmen Rodríguez Monzón (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 10:10 horas.

HORA DE REMATE: 10:20 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **15 de setembro de 2016**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor con rozadora lateral hidráulica” (cláusula 18^a do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican.

Non asiste D. Antonio Romero Ribeiro, Concelleiro Delegado de Promoción Económica.

ÚNICO.- Acto público de apertura do sobre nº 2 (“Referencias técnicas”) presentado polos licitadores no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor con rozadora lateral hidráulica”.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello procede a dar conta dos seguintes extremos:

a) Empresarios que concorreron á licitación: MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L. e RAFAEL LOIS SIMÁNS.

b) Empresarios excluídos do procedemento e causas da exclusión: ningún.

Non asiste ao acto público ningún representante dos empresarios licitadores.

De seguido, procédese á apertura, por orde alfabético, do sobre nº 2 (“Referencias técnicas”) das proposicións presentadas polos empresarios admitidos na licitación.

Concluído o acto público de apertura do sobre B, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Único.- Remitir as proposicións técnicas (sobre nº 2 – “Referencias técnicas”) presentadas polos licitadores admitidos ao procedemento ao Departamento de Obras, para a súa avaliación conforme aos criterios de adxudicación non avaliábeis automaticamente previstos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Porto do Son, 15 de setembro de 2016.

Presidente,

D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

D^a. María José Maneiro Quintáns.

Vogal,

D^a. M^a Mar Lirola Delgado.

Vogal,

D. José Manuel González García.

Secretaria,

D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez.